

E meu deber entonalo mea culpa, sempre pensei que os nosos queridos poderhabientes vivían na mais absoluta business as usual ignorancia e estaban totalmente cegos a xa presente crisis enerxética que estamos a vivir, pensei tamen que vivían na mais que irritante inoperancia (para os coñecedores do problema) pois non viamos ningunha iniciativa no senso de ir aumentando a resiliencia das persoas e comunidades humanas cogallo de facer unha transición cara unha sociedade mais sostible e evitar así os terribles sufrimentos que a omisión da transición sen dubeda traerá.

Debo de pedir perdón os nosos queridos poderhabientes por non ver o inmenso traballo que levan feito para sacar a nosa querida Galicia do seu secular atraso, primeiro o noso querido veciño de Ferrol afundiou os millores e mais fertiles vales da nosa terra con maravillosas presas que deron para producir os vatios necesarios para que industrias tan modernas e pouco contaminantes como Alumina se instalasen na nosa terra producindo moitos e aproveitables postos de traballo, deixando algunha balsa con residuos que non poden ser malos de seu, eses vatios que recorreron miles de kilometros a traves das redes de alta tension para alimentar o crecemento de boiantes cidades que recibiron cos brazos abertos os emigrantes desplazados pola auga dos vales, mesmo se forxaron as bases para a creacion de potentes empresas enerxéticas que exportaban mesmo a Francia a corrente que a pe de presa non lle chegaba os parroquianos nen pra acender unha bombilla de 20 vatios.

O mesmo tempo como o xeito tradicional de produccion baseado na diversidade e o aproveitamento sostibel do monte fixaba moita xente no rural e non emigraba abondo cara as incipientes cidades e cara o extranxeiro para fornecer de divisas o estado, escomenzouse a implementar de xeito masivo o eucalipto , unha maravillosa planta que unha vez implantada previa eliminacion da maravillosa biodiversidade boscosa autotocna : carballos, castiñeiros, bídalos, sobreiras, freixos, etc. ten a curiosa propiedade de reproducirse e ir impoñéndose o bosque autoctono mediante tres sistemas distintos , unha e a ambición humana reflexada nos clusters empresariales que promoven este cultivo, outra e unha mezcla de ambición e estupidez , esta claro que o millor das xentes do noso rural esta emigrado e os devanceiros estan soterrados de outro xeito seria imposible que ninguén pretendese plantar calquer tipo de arbore para ter un beneficio economico en vida, as arbres prantanse para os fillos e os netos, e prantanse arbres de verdadeiro valor , arbres que che den de comer, que rexeneren a terra , que fomenten a biodiversidade , arbres que protexan a capa freatica e distribuian a auga das choivas , arbres que den vida a especies silvestres, e mesmo a especies domesticas, e arbres que cando chegue o momento da corta teñan un valor inmensamente superior a pouca merda que che poidan pagar po lo eucalipto. E o terceiro modo e co lume 22.000 renovos de cepa por hectarea queimada, ousexa plantamos especies pirofiticas e ¿ logo extrañámonos de que arda o monte? A proxima vez que vexades toda Galicia envolta no lume nos vos alterdes, estan plantado eucalipto.

Asi con unhas maravillosas politicas agrarias e forestales temos o 80 por cento da poboacion galega que vivia de modo sostibel no rural emigrada a cidade, e o rural (perdon o descampado, por que o rural e un xeito de vida non unha zona sen asfalto) desamparado diante dos intereses dos poderhabientes , asi ninguén defendeu os nosos montes da irrupción masiva dos supersubvencionados e superecoloxicos ventorrillos que adornan o millor dos nosos paixases , nadie fala dos monstouso efecto sobre a fauna

silvestre de estos elementos, niin da desfeita de facer camiños e deforestar os nosos montes , eso si os beneficios en subvencions a instalacion e a produccion non repercuten en absoluto no rural , so repercuten no bolsillo dos empresarios, e degradan ainda mais o noso mediambiente, mesmo valores impoderabels como a paisaxe dan noxo.

Agora queda o ultimo paso cicais a obra maestra dos poderhabientes, a politica agraria europea encaminada a facer de Galicia un mero produtor de biomasa para a produccion enerxetica esta a puntinho de cumprir o seu obxectivo a pouca xentiña que habita no rural adicada o monocultivo de leite faino de un xeito tan insostibel e tan dependente de insumos externos e credito que teñen os dias contados, por un lado o aumento do precio do petroleo fará que os costes enerxeticos das explotacións se disparen, os costes da alimentación do seu gando se dispare por que o que aqui se produce de xeito totalmente insostibel maquinizado, fitosanitado e mais transgenizado e absolutamente insuficiente e dependen de insumos externos que se poran polas nubes , e como guinda o pastei a paradóxica (en Galicia) escasez da fonte da vida : a auga , cicais o mais importante e do que se fai un uso ainda mais insostible nas nosas insostibles granxas , a brutal implantacion do cultivo do eucalipto e culpabel da degradacion dos suelos, da falta de retencion de auga e do escandolos descenso dos acuiferos o que misturado co incipiente comenzo do cambio climatico, e que o leite non e mais que unha comoditi mais que cotiza nos mercados como calquera , e que a Galicia me temo que non a chamaron os poderhabientes polo camiño da produccion de leite, xa que iso tocaralle a outros mais cara o norte ...a quebra , e o embargo por parte das entidades financieras das terras do colectivo mais endeudado de Galicia e inminente.

Asi queda completamente despexado o camiño dos poderhabientes para orientar a nosa terriña cara a produccion enerxetica, ventorrillos, embalses e biomasa para queimar nas centrais termicas, as papeleras reconvertiranse en termicas por que cada día e menos necesario imprimir periodicos para enganar a xente por que a xente agora xa ven enganada de serie , asi que mediante a nova lei forestal de Galicia que se aprobará (podedes estar seguros) daselle carta blanca os poderhabintes para facer o que lle saia do carallo cos inmensos baldios no que se esta a convetir o campo Galego , plantaran millions de hectares de eucaliptus tranxenico de ciclo corto, a produccion sera tal que seran moi necesarios os portos exteriores de Langosteira e Ferrol para levar esta madeira a sitios onde a paguen.

Por suposto a xente do rural embargado, expropiada e misera , sufrira as fumigacions, a fame , por culpa dos agroquimicos que non lle permitaran cultivar a sua hortiña, a casi extincion das abellas e outros insectos fara que sexa inutil plantar nada pois nada vai producir,(sen polinizacion non hai plantas) a escasez da auga será pavorosa, as consecuencias transmitiranse os rios e as rias e o mar , cicais as tres cuartas partes da poboación morrerá , e a que quede vivira como escravos cicais facendo as cortas a man ou carrexando a madeira os portos....pero Galicia saira do seu atraso secular e sera unha zona moderna digna do respecto e admiracion de todo o orbe.

Perdon pola desconfianza.

VEspera de Nada